

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA POLO QUE SE COMPARTEN INFRAESTRUTURAS, TÉCNICAS E SERVIZOS COMÚNS QUE PERMITAN A RACIONALIZACIÓN DOS RECURSOS TIC

REUNIDOS

Dunha parte, don Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia do 1 de setembro de 1983 modificado o 6 de agosto de 2015, e segundo o acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, relativo á elección dos membros da Mesa (DOG número 159, do 7 de agosto de 2020).

Doutra parte, D.^a M.^a del Mar Pereira Álvarez, en nome e representación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en virtude do disposto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, modificado polos Decretos 149/2014, do 20 de novembro e 9/2021, do 21 de xaneiro.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a súa competencia e capacidade legal para formalizar esta addenda , e para tales efectos

EXPOÑEN

I. Por medio do convenio de colaboración subscrito coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en adiante AMTEGA o 18 de setembro de 2018 púxose a disposición da Administración do Parlamento de Galicia os sistemas dixitais Chave365, Validación de certificados, Selado a tempo e Plataforma de contratos de Galicia, que permiten ofrecer uns servizos eficientes, áxiles e de calidade, dentro das esixencias impostas polas normativas vixentes no ámbito da administración electrónica.

II. Transcorridos xa tres anos desde a formalización do Convenio e visto o uso que a Administración do Parlamento de Galicia ven dando aos sistemas dixitais, que teñen redundado na posibilidade para a Administración do Parlamento de ofrecer uns servizos electrónicos máis áxiles e eficientes, considérase o momento de ampliar os sistemas dixitais da AMTEGA, especificamente os relacionados coa contratación administrativa.

ACORDAN

Primeiro. Subscribir unha addenda de modificación, para ampliar o anexo do Convenio para incorporar os seguintes sistemas dixitais:



Silex:

A plataforma de licitación electrónica da Xunta de Galicia que permite a creación de expedientes, presentación de ofertas e celebración de mesas de contratación.

Plation:

O Xestor de Expedientes de Contratación da Xunta de Galicia que permite a tramitación de expedientes de contratación, a creación de fluxos de tarefas, a xestión de trámites, a emenda de documentos, a exportación de expedientes, sinatura dixital, etc.

Notifica.gal:

O sistema de notificacións electrónicas de Galicia Notifica.gal é o servizo que permite a cidadáns, empresas e administracións públicas recibir, de forma áxil e sinxela, as notificacións electrónicas enviadas pola Xunta de Galicia ou por calquera outra administración pública galega adherida a este sistema. Con este servizo, calquera cidadán pode solicitar, de forma voluntaria, que se lle remitan de forma electrónica as notificacións administrativas

Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos:

O Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia (REAG) permite ás persoas físicas e xurídicas outorgar poderes a outros/as cidadáns/as ou entidades para actuar no seu nome nas relacións ante as administracións públicas. Pódese outorgar un poderamento de maneira presencial a través das oficinas de atención á cidadanía e de rexistro ou tamén de forma telemática.

Segundo. O resto de cláusulas do Convenio, seguen inalteradas e vixentes.

En proba de conformidade, as partes implicadas subscriben esta addenda, marcando o comezo da súa duración o día da última sinatura.

O presidente do Parlamento de
Galicia

A directora da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de Galicia

Miguel Ángel Santalices Vieira

M^a del Mar Pereira Álvarez

